

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LUGO
Edificio	Catedral de Santa María
Dirección	Praza Santa María, 1 27001
Localización	Sala de campás
Nome	A Mariana menor (1)
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 44 Bordo 5,5 Altura do bronce 41 Peso aproximado (en quilogramos)49 kg
Fundidor	ALONSO DE VIADERO, DIONISIO
Ano de fundición	1719
Descrición	As dúas campás pequenas ou "Marianas" son practicamente iguais en todo, coa única diferenza da cruz, que no caso da campá maior ten tres cravos. O resto é similar. Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas "IHS # MARIA # # IOSEPH # ". IHS é o anagrama de Jesús en grego. Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal. No medio pé pon en latín "LAVDATE # DOMI?VM # I? # CIMBALIS # BE?E SO?A?TIBVS # A??O # I7I9 # " Usualmente escíbese xunto BENESONANTIBUS. A cita está tomada do salmo 150:5 "LAUDATE EUM IN CIMBALIS BENESONANTIBUS LAUDATE EUM IN CIMBALIS JUBILATIONIS OMNIS SPIRITUS LAUDET DOMINUM" (Ps 150:5) que significa ENCOMIÁDELLE (AO SEÑOR) CON CAMPÁS BEN AFINADAS (DE BO SON), ENCOMIÁDELLE CON CAMPÁS DE ALEGRÍA, TODO ESPÍRITO ENCOMIE AO SEÑOR. A continuación pon en latín o ano de fundición: ANO 1719. Debaixo, na parte exterior, está a marca de fábrica en monotipo, combinando o español e o latín: " # DIONISIO # ALONSO # MEFECIT # " é dicir DIONISIO ALONSO FÍXOME.
Fotos	31
Toques	Posiblemente repique nada máis, sen mover a campá.
Conservación, mantemento	Debaixo da campá hai diversas plantas verdes.
Protección	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a campá e a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
Propostas	A campá debe ser limpada, por dentro e por fóra, para recuperar a sonoridad orixinal. O cepo de madeira debe ser restaurado. Debe utilizarse pintura adecuada para a protección da madeira e que ao mesmo tempo permita que respire. En ningún caso debe ser dotada de electromazo externo.
Autores da documentación	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao
Data	2013

Folla completa da campá: [A Mariana menor \(1\) Catedral de Santa María - LUGO](#)

PDF (16-09-2026)